



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta minutos do vinte e sete de decembro de dous mil dezaioito, reuníronse en sesión ordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Don Jesús Julio Cortiña López, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Álvaro Santos Ramos, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Non asisten as concelleiras Dona María Isabel García Pacín e Dona Fátima Iglesias Núñez.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

- Dáse conta ao Pleno dos borradores das actas das sesións extraordinarias celebradas o trece de decembro do actual, repartidos coa convocatoria. Unha das sesións convocouse á petición dos concelleiros do Grupo Socialista cun único asunto na orde do día: proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles. A outra sesión, celebrada a continuación inclúe seis puntos na orde do día. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción das actas, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Por Secretaría dáse conta da existencia dun erro de transcripción, na documentación entregada xunto coa convocatoria, no punto relativo á ordenanza reguladora da concesión de subvencións municipais para concentración de fincas rústicas destinadas a uso agrícola e gandeiro. No anexo I, de solicitude, incluíuse por erro de "corta e pega", o recadro datos do fillo (do anexo da ordenanza de axudas á natalidade) que se correxiu na redacción da acta, non figurando xa na mesma. Non obstante, dáse conta ao Pleno aos efectos oportunos.

Ademais, no turno de intervencións hai outro erro, xa que **onde di** "O Sr. Alcalde responde que a concelleira está de acordo co exposto pola concelleira, poñendo de manifesto, entre outras cuestións, o gasto sanitario da Deputación, en relación coas explotacións de porcino", **debe dicir** "O Sr. Alcalde responde que está de acordo co exposto pola concelleira, poñendo de manifesto, entre outras cuestións, o gasto sanitario da Deputación, en relación coas explotacións de porcino"

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (nove votos a favor) **ACORDA** prestar aprobación ao borrador das actas das dúas sesións extraordinarias celebradas o trece de decembro do actual, proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

2.- MOCIÓN.- Seguidamente polo Sr. Alcalde, expónse a moción presentada sobre a vespa velutina.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

"O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta **MOCIÓN**:

MOCIÓN SOBRE A VESPA VELUTINA

O Concello de Friol, ao igual que moitos concellos de Galicia, veñen sufrindo dende hai algún tempo unha colonización da Vespa velutina, o que ven provocando un grande impacto no medio rural, ao que debería engadirse ademais o risco que supón para as persoas que viven no campo galego. Actualmente non existe unha información moi extendida nin axeitada de como actuar neste senso por parte de poboación, en caso de ataque da vespa velutina, nin tampouco existe un sistema claro para proceder á súa erradicación. Dende esta Alcaldía detectouse, por exemplo, en numerosas ocasións que a poboación en xeral non sabe diferenciar entre unha vespa velutina e unha común.

Tamén é de destacar o problema que lles causa aos apicultores da comarca, aínda que o Concello de Friol non destaca especialmente pola abundancia de apicultores, pero si son suficientemente significativos.

Nesta data, existen no noso Municipio cincuenta e un niños desta lacra sin eliminar, moitos deles con múltiples avisos ao 012 e, debido a inoperante e pasividade das administracións competentes, están a xerar certo malestar entre a nosa poboación como tamén crean un importante risco para a saúde dos veciños de Friol.

Dende o punto de vista deste Grupo Municipal, a Xunta de Galicia deberá aumentar os medios tanto materiais como humanos necesarios para combater dun xeito decidido esta praga que está a afectar na nosa Comunidade

ACORDO:

- Solicitar da Xunta de Galicia, a creación de grupos de traballadores formados na materia que se poñan a disposición dos Concellos, para a realización dos traballos de formación e eliminación das numerosas colonias de vespa velutina que ameazan a poboación rural de Galicia.
- Instar a Xunta de Galicia a que aporte os medios materiais necesarios para os ditos grupos para que esa erradicación se leva a cabo por parte dos mesmos dunha maneira rápida e eficaz".

O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (nove votos a favor) **ACORDA** prestarlle aprobación á moción presentada, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación, procedeuse ao turno de intervencións. Despois dunha breve exposición do Sr. Alcalde, polo Grupo Socialista intervéñen o concelleiro Sr. Santos Ramos. Pon de manifesto que van apoiar a proposta, todo o que se plantexa cara a erradicación da mesma, aínda que sexa imposible, pero polo menos que contribúa a paliar a súa presenza. Considera que a Xunta non está facendo o suficiente e o Grupo Socialista, pediu en varias ocasións que se declarase como plaga, o que tería a súa transcendencia, coa execución duns orzamentos específicos e homoxenización de recursos para loitar contra ela. A Xunta non está cumprindo, e hai exemplos na provincia de que se está substituíndo a competencia da Xunta polos concellos. Fai alusión a que non forma parte do noso ecosistema, e que quen sexa debe dar o paso que haxa que dar ao respecto, intentando solucionar o tema.

Continúa dicindo que considera que non é suficiente con que se critique á Xunta e pedir que se habiliten mais medios. No 2013 xa se sabía dela, e non se tratou como debía tratarse. Aparte de apoiar a proposta, e por non perder o tempo con divagacións ou emendas, pide que se habilite partida orzamentaria para atender aos casos mais urxentes, nas vivendas e nos núcleos habitados, en orde a que se proceda á retirada dos niños, así como a utilización da técnica do trampeo dun xeito planificado e en perímetros controlados. Engade que os apicultores están identificados, e débese controlar onde teñen aparecido e proliferan.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Conclúe dicindo que apoian a proposta, comparte a crítica ao respecto, xa que hai casos de perigo de seguridade humana e do ecosistema animal, polo que reitera que o goberno municipal solidaria e subsidiariamente actúe ante a deixadez da Xunta, xa que o risco está ahí, aínda que agora non é momento de máxima actividade.

O Sr. Alcalde responde que toma nota da solicitude. Pon de manifesto que xa retiraron niños, concretamente no casco urbán nas parroquias do norte, en Anafreita e Miraz, en casos que xeraban perigo, e tamén algún caso en Seixón. Toman nota, en orde colaborar e actuar, sendo competente a Xunta de Galicia, facendo alusión aos GES, que podían levar a cabo actuacións ao respecto, aínda que non están funcionando practicamente. Engade que espera que no futuro se xestionen mellor, xa que noutras zonas, os GES levan a cabo estes traballos. Conclúe dicindo que aínda que a Xunta non considere así, el pensa que si que é unha plaga.

Á vista de que non se desexan facer mais intervencións ao respecto, polo Sr. Alcalde, cérrase o debate e procédese á votación, no sentdo anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Alcalde o acordo adoptado.

3.- DECRETOS DA ALCALDÍA.- Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Alcaldía, transcritas ao Libro de Resolucións, das datas comprendidas nos meses de xullo a setembro do actual.

4.- INFORMES DA ALCALDÍA.- Polo Sr. Alcalde pídese ao Secretario que pase a dar lectura das cuestións que a continuación se relacionan, de interese para o Pleno:

- Acordo da Xunta de Goberno, na sesión do 22 de outubro, ao respecto do calendario laboral para o 2019, fixando como festivos locais, os mesmos que os anos anteriores: martes de entroido (5 de marzo), e Lúns de Santa Isabel (15 de xullo). Do acordo deuse traslado á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, aos efectos oportunos.
- Acordo da Xunta de Goberno, na sesión de 29 de outubro, en relación co expediente tramitado en orde á declaración como festa de interese turístico de Galicia, da Feira do Queixo e Pan de Ousá, de conformidade co disposto no Decreto 4/2015 de 8 de xaneiro, no que se establecen os requisitos, procedemento e perda de tal condición. Ao respecto o Pleno na sesión do 27 de setembro do actual adoptara acordo de iniciación do expediente en orde á solicitude declaración da Feira do Queixo e Pan de Ousá como festa de interese turístico de Galicia, segundo o disposto no Decreto 4/2015 de 8 de xaneiro.

Á vista da documentación elaborada por De historia Cultura-Historia-Patrimonio, sométese a mesma á Xunta de Goberno Local. Ao respecto da competencia, en xuño de 2015 o Pleno delegou na Xunta de Goberno Local aquelas outras competencias que expresamente lle atribúan ao Pleno e non esixan unha maioría especial para a súa aprobación. Pola Alcaldía delegouse na Xunta de Goberno tódalas competencias que a normativa estatal ou da CCAA asignan ao Concello e non se atribúan expresamente o Pleno. Ademais na sesión do Pleno de 27 de setembro, sen prexuízo do acordo do órgano competente, facultouse á Alcaldía para a realización das xestións e a sinatura da documentación en orde á efectividade do acordo. Considerouse conveniente á



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

tramitación á maior brevidade posible, á vista da celebración do vindeiro certame no mes de marzo do próximo ano. Ao respecto, a Xunta de Goberno acordou:

- “Solicitar da administración autonómica a declaración da Feira do Queixo e Pan de Ousá como festa de interese turístico, remitindo aos efectos oportunos a documentación elaborada ao efecto por De historia (Cultura-Historia-Patrimonio), á Axencia de Turismo de Galicia.
 - Todo elo sen prexuízo de dar conta do presente acordo ao Pleno do Concello, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos, na vindeira sesión que se celebre”.
- Acordos da Xunta de Goberno, na sesión de 14 de decembro, ao respecto do expediente tramitado en orde á xustificación da axuda concedida para Programa Integrado de Emprego ACIVATE 2, ao abeiro da orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de 19 de xullo de 2017.

Asinouse convenio de colaboración entre os concellos de Friol, Rábade, Outeiro de Rei e Begonte, para a solicitude conxunta dunha axuda, para a realización dun programa integrado de emprego ACTIVATE 2, o 18 de agosto de 2017. No mesmo dise que corresponderá ao concello de Friol a realización das actuacións administrativas necesarias para a correcta xestión da solicitude de axuda do programa integrado de emprego, asumindo a representación perante a Xunta e no grupo de traballo da totalidade dos concellos asinantes, debendo cada un dos concellos aprobar o proxecto do programa integrado de emprego a levar conxuntamente, nos termos e condicións que se establecen.

Á vista do disposto no art. 60 da Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, da Comunidade Autónoma, relativo aos convenios entre entidades locais para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas públicas da súa competencia, o Pleno, na sesión de 27 de setembro de 2017 acordou a ratificación das actuacións derivadas da sinatura de convenio de colaboración para a solicitude conxunta de axuda á Xunta de Galicia para a realización dun programa integrado de emprego ACTIVATE 2, aceptando as delegacións dos concellos de Outeiro de Rei, Begonte e Rábade para a tramitación administrativa das actuacións previstas na solicitude do programa, comprometéndose a aportar a cantidade que lle corresponda que non cubra o programa (que non sexa subvencionado pola Consellería) en cantos aos gastos de formación e funcionamento para o desenvolvemento do proxecto con cargo aos seus propios fondos e a tal efecto habilitarase importe suficiente nos presupostos da entidade.

Por Resolución de 17 de novembro de 2017, a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, acordou a concesión da subvención. Para a xestión do programa, de conformidade co disposto na orde reguladora, procedeuse á contratación de persoal técnico, para o que se aprobaron as bases correspondentes e, despois da convocatoria pública, realizouse o proceso de selección. Tamén se procedeu á contratación dun servizo de formación, segundo acordo da Xunta de Goberno, na sesión de 26 de febreiro, ao abeiro do disposto no Real Decreto Lex. 3/2011, Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Segundo o establecido no artigo 15 da orde reguladora, debe procederse á xustificación e pagamento da subvención, sendo data límite para a presentación da liquidación final o 15 de decembro. Segundo a documentación obrante, de conformidade coa xustificación



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

elaborada polo persoal técnico do programa integrado de emprego, no que se especifican os gastos, desglosando os custes de persoal directo, outros gastos directos, gastos indirectos, os derivados da contratación de medios externos, os gastos imputables, de conformidade co disposto no art. 13.1, ascenden a 204.051,50 €.

Na sesión da Xunta de Goberno de 14 de decembro, en relación con algunha das facturas incluídas na xustificación, procedeuse a dar conta dos informes de fiscalización emitidos e dos informes do persoal técnico contratado para a xestión do programa. Ao respecto ditáronse as resolucións da Alcaldía de 29 de novembro e de 14 de decembro, en relación coas discrepancias, e unha vez informadas polo persoal técnico contratado, convalídanse as actuacións realizadas, recoñecendo as obrigas e dispoñendo o pago, prestando aprobación á documentación xustificativa, facendo constar que os gastos se destinaron aos fins para os cales se concedeu, de acordo coa normativa aplicable, tomando razón na contabilidade dos gastos correspondentes á execución da actuación referenciada. Procedeuse á remisión á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, da documentación pertinente, en canto acto de aprobación e conformidade da Xunta de Goberno, en orde á xustificación e acreditación do cumprimento da finalidade, de conformidade coa orde reguladora das axudas.

- Acordo da Xunta de Goberno, na sesión de 19 de decembro, en relación coa solicitude de Roberto Eiroa Díaz, sobre prórroga da nave no viveiro de empresas no viveiro do parque empresarial de Friol.

Na sesión do día 21 de xullo de 2017, acordouse a adxudicación das naves 1-3-4, quedando deserta a nave número 2. Na sesión de 25 de setembro de 2017, acordouse a convocatoria pública da nave número 2, e na sesión do 11 de decembro de 2017, en canto órgano competente, por delegación do Pleno, acordouse a adxudicación da nave núm. 2 a Don Roberto Eiroa Díaz, para compra-venta vehículos usados pola que deberá satisfacer un prezo público de 132€ mensuais. De conformidade co disposto no art. 4 da ordenanza do prezo público, ao importe das tarifas establecidas, aplicarase o imposto sobre o valor engadido correspondente, de acordo coa lexislación vixente. O contrato asinouse coa data 28 de decembro de 2017, sen prexuízo de que con posterioridade se continuase coa realización de tramitacións administrativas en relación co exercicio das actividades.

De conformidade co disposto na ordenanza, a duración será por un prazo máximo de doce meses, prorrogables por outros doce, despois dun acordo por escrito do xestor do viveiro e da empresa, de conformidade co disposto no art. 14 da ordenanza, e sen prexuízo do disposto no devandito artigo. Á vista do actuado, da vontade posta de manifesto de prorrogar por unha anualidade a duración do contrato no seu día asinado, a Xunta de Goberno, en canto órgano competente por delegación do Pleno, acordou a prórroga da duración do contrato nave núm. 2 a Don Roberto Alfonso Eiroa Díaz, advertindo que de conformidade co disposto na ordenanza reguladora, deberá formalizarse a ampliación do período de estancia, mediante anexo por escrito ao contrato suscrito inicialmente, prazo que se comezará a contar dende a data de finalización do anterior.

No acordo faise constar que ao vencemento da prórroga finalizará o prazo concedido ás empresas para o acollemento na nave do parque empresarial. Todo elo, sen prexuízo de que aquelas empresas que necesiten algún tempo mais, sempre que non exista lista de espera, poderían incrementar o prazo un ano mais, previa solicitude e formalización do



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

interesado, cunha antelación mínima de tres meses á conclusión do prazo. A solicitude que sería obxecto de estudo polo órgano de selección, logo dos informes pertinentes, elevará proposta sobre a necesidade de ampliación temporal ao órgano competente para a resolución, que o fará dun xeito motivado. En ningún caso, se lles admitirá ás empresas unha estancia superior a tres anos.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.- A continuación o Sr. Alcalde pregunta aos señores concelleiros se queren facer algún rogo ou pregunta, non formulándose cuestión algunha ao respecto.

Antes de levantar a sesión, o Sr. Alcalde aproveita a ocasión para desexar felices festas e feliz 2019 en todos os aspectos (aínda que no ámbito político a nivel local o seu desexo é outro), para todos, así como as súas familias.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, á vista de que non hai mais asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás trece horas e coarente a cinco minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario, redacto a presente acta e dou fe.